

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DO CORO DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE OURENSE

XUSTIFICACIÓN

A voz pode considerarse como o primeiro instrumento musical, tanto desde o punto de vista histórico-evolutivo (a forma primixenia de expresión do ser humano tanto individual como colectivamente) como desde unha perspectiva cualitativa (a máis importante e completa manifestación musical).

A voz nace co home. O "berro inicial" que supón a porta de entrada na vida é tamén a primeira forma de expresión do novo ser que nace. Logo, a voz acompáñanos sempre, durante toda a nosa vida, como a máis fonda e sinxela forma de expresión do noso ser, da nosa personalidade, da nosa singularidade. Así a voz é a "pegada sonora" que nos identifica a cada un.

Por fin a voz encontra no canto unha vía nova, aberta, creativa e lúdica para o desenvolvemento expresivo da persoa. E coa voz nace a música. Concretamente a nosa música occidental encontra no canto gregoriano (só voces) a primeira forma de expresión dunha nova linguaxe: a linguaxe musical.

A voz individual, persoal entón atopa no canto colectivo, no coro un novo ámbito de socialización, un lugar de encontro cos outros. Nace así o coro como unha das primeiras manifestacións da vida social, da vida colectiva e comunitaria: así o coro, no que as voces individuais non se suman senón que se potencian nun claro exemplo de sinerxia, consegue o milagre musical de facer polifonía (a arte musical máis requintada) sen necesidade de estudar música previamente. De aí o carácter popular de tantas formacións corais.

É por isto que esta escola de convivencia que é un coro, este lugar de encontro humanístico, artístico e educativo non pode faltar nunha comunidade preocupada polo desenvolvemento persoal dos seus membros como é a Universidade. Desta forma no coro faise realidade o ideal de "formación ó longo de todo o ciclo vital"

O Coro Universitario do Campus de Ourense nace, xa que logo, baixo os auspicios da Vicerreitoría do campus de Ourense, coa vocación de se converter nun punto de encontro de toda a comunidade e universitaria.

Será totalmente afeccionado e os seus integrantes, agás o Director, non percibirán compensación económica algunha, salvo aquelas que por desprazamentos e/ou manutención acorde anualmente a Universidade como dietas para as agurpacións cultruais, deportivas, etc., cando as súas actuacións se produzan fóra do termo municipal de Ourense.

DA VICERREITORÍA DO CAMPUS DE OURENSE

Artigo 1º. Obrigas:

- a) impulsar a participación neste Coro por parte da Comunidade Universitaria do campus de Ourense
- b) financiar a súa dirección artística
- c) habilitar un local de ensaio permanente o máis axeitado e o mellor dotado posible.
- d) promover a relación e coordinación deste Coro co Coro Universitario de Vigo, o intercambio e a formación conxunta.
- e) promover e facilitar a participación do Coro en intercambios con outras Universidades ou entidades culturais.

DA DIRECCIÓN TÉCNICO-ARTÍSTICA

Artigo 2º. Funcións:

- a) O director será o máximo responsable do Coro na súa faceta musical e decidirá, según a preparación do grupo, a conveniencia de cada actuación.
- b) Será competencia súa a metodoloxía de traballo e a organización dos ensaios, así como a elección de repertorio para ensaios e actuacións.
- c) Poderá vetar para determinadas actuacións ou definitivamente a aqueles membros do Coro que non cumpran un mínimo de traballo e asistencia aos ensaios. Esta decisión deberá ser aprobada polo Comité de Xestión.
- d) O director seleccionará os compoñentes do Coro no comezo de cada curso de acordo cos criterios musicais que el mesmo determine.

DO COMITÉ DE XESTIÓN

Artigo 3º. Compoñentes:

Para facilitar o seu funcionamento, créase o Comité de Xestión, integrado por:

- 1) O Vicerreitor do campus de Ourense, ou persoa en quen delegue.
- 2) O Director do Coro
- 3) Un representante dos coristas, elixido cada ano a principio de curso.

Artigo 4º. Funcións:

- a) Coordinar a organización das actuacións
- b) Velar polo cumprimento destes estatutos
- c) Ratificar ou non a suspensión dalgún membro do Coro
- d) Interpretar a presente regulamentación e artellar solucións para aquelas cuestións non recollidas na mesma.

DOS SEUS COMPOÑENTES

Artigo 5º. Admisión, dereitos e obrigas:

- a) No Coro poderanse integrar todos os membros da comunidade universitaria.
- b) Poderán seguir formando parte do mesmo de xeito voluntario aqueles que causen baixa na comunidade universitaria e teñan informe positivo do Director do Coro.
- c) O Coro abrirase a sociedade ourensá, admitindo aquelas persoas interesadas e que o Director estime oportuna a súa participación para a boa marcha do mesmo. Neste caso, non se poderá superar o 25% do número de coristas pertencentes á comunidade universitaria.
- d) Todos os anos, desde a Vicerreitoría, convocarase unha selección de novos membros que estén interesados en integrarse no Coro.
- e) Os coristas terán dereito a elixir ós seus representantes.
- f) Teñen a obriga de asistir aos ensaios e a actuar nos concertos oficiais que estableza a Vicerreitoría do campus de Ourense.

- g) Teñen a obriga de colaborar coa Vicerreitoría para o desenvolvemento do Coro en todo aquilo que se lle solicite.
- h) Están obrigados a acatar as decisións do Director e do Comité de Xestión.

DAS ACTUACIÓNS

Artigo 6º. Das actuacións:

- a) Serán de obrigado cumprimento, se a Vicerreitoría o estimase oportuno e a preparación do Coro é axeitada a xuízo do seu Director, as actuacións en actos oficiais celebrados no campus de Ourense, apertura de curso, nomeamento de honoris causa, etc.
- b) Todos os Centros do campus de Ourense poderán solicitar a actuación do Coro nos seus actos académicos, comunicando as datas con suficiente antelación que permita unha preparación axeitada da mesma.
- c) O programa e condicións de cada actuación decidiranse de común acordo co Director.
- d) As actuacións celebradas fóra do Campus deberán ser aprobadas polo Comité de Xestión.

DOS ENSAIOS

Artigo 7º. Condicións:

- a) O número de horas semanais de ensaio será acordada entre a Vicerreitoría do campus de Ourense e o Director do Coro.
- b) Cada ensaio comezará a unha hora en punto e non se admitirá retraso na incorporación ao mesmo, salvo casos previamente xustificadas ao Director de imposibilidade de facelo á hora sinalada.
- c) O Coro adoptará o calendario lectivo da Universidade de Vigo.

DA PARTE ECONÓMICA

Artigo 8º:

- a) A Vicerreitoría do campus de Ourense farase cargo do financiamento da dirección artística do Coro.
- b) A Vicerreitoría tentará poñer a disposición do Coro os medios materiais necesarios para garantir o seu correcto funcionamento.
- c) A Vicerreitoría asumirá os gastos de transporte para aqueles desprazamentos que así o esixan e que foran previamente aprobados por ela.
- d) Agás polos actos estritamente de carácter institucional encomendados pola Vicerreitoría do campus de Ourense e, co obxecto de acadar fondos económicos propios e involucrar a toda a comunidade universitaria no seu desenvolvemento e sostemento, a parte do cobro por actuacións alleas á Universidade, a dirección do Coro poderá fixar o aboamento polos propios Centros dunha cantidade simbólica por cada actuación na que se solicite a súa presenza en celebracións patronais ou de calquera outra índole.
En todos os casos será o Comité de Xestión o que fixe a súa contía.

DISPOSICIÓN FINAL

A Universidade resérvase o dereito a retirar o financiamento do Coro Universitario cando considere que este non cumpre os fins para o que foi creado.